



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2023/24 |
|-----------------------|---|----------|--------------------|---|---------|
| Asignatura (*) | Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde | | Código | 661G01004 | |
| Titulación | Grao en Enfermaría | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 | |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | | | | | |
| Coordinación | Carrajo García, Lino | | Correo electrónico | lino.carrajo@col.udc.es | |
| Profesorado | Carrajo García, Lino Uriel Latorre, Pablo | | Correo electrónico | lino.carrajo@col.udc.es p.uriel@col.udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | | |
| Descrición xeral | As bases do programa son o ensino teórico enfocado a que o alumno adquira os conceptos imprescindibles que lle permitan comprender e manexar os sistemas informáticos dispoñibles actualmente no campo da Enfermaría e ser capaz de manexar aqueles que se poidan utilizar nun futuro. E o ensino práctico, como en toda inxeñería, é necesario ver e coñecer as ferramentas coa fin de ver tanto a aplicación dos conceptos teóricos como unha preparación adecuada para a realización das tarefas diarias asociadas coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|--|
| A10 | Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B17 | Fomento de unha 2º lingua de interese para a profesión. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo. |
| B21 | Implicación na calidade e busca/procura da excelencia. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C10 | CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |

Resultados da aprendizaxe



| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|-------------------------------------|---|--|
| | | | |
| 5.- Describir os sistemas de información clínica | | B2 B3 B4 B8 | C6 |
| 6.- Empregar os sistemas de información na área de enfermaría | A10 | B19 | C3 C6 |
| 2.- Identificar a estrutura e tipoloxía dos traballos científicos nos seus diferentes soportes | A10 | B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B13 B17 B19 B21 | C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 |
| 3.- Describir a estrutura, localización e finalidade das guías de práctica clínica | A10 | B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B13 B17 B19 B21 | C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 |
| 4.- Identificar as Tecnoloxías da Información e Comunicación aplicadas ás Ciencias da Saúde | A10 | B1 B2 B8 | C3 |
| 1.- Identificar os sistemas de búsqueda e recuperación da información científica en ciencias da saúde. | A10 | B1 B2 B3 B4 B9 B11 B13 B17 B19 B21 | C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 |

| Contidos | |
|--|----------|
| Temas | Subtemas |
| INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN CIENTÍFICA EN CIENCIAS DA SAÚDE: | |



| | |
|---|---|
| A información e a comunicación científica en ciencias da saúde | Evolución ao longo da historia. Crecemento e obsolescencia. Tipos de informes científicos. |
| Sistemas de información científica | A busca na rede Intenet. Recursos na rede para enfermaría. Localización da información científica: buscas bibliográficas |
| Estructura dos traballos publicados en revistas científicas. Requisitos de Uniformidade para manuscritos | Editorial Artículo científico orixinal Artículo científico orixinal breve Revisión bibliográfica narrativa, integradora e sistemática |
| A Enfermaría Baseada na Evidencia (EBE) | Niveis de evidencia e graos de recomendación. A Práctica Clínica Baseada na Evidencia |
| As Guías de Práctica Clínica: tipos, elaboración e estrutura | Busca de Guías de Práctica Clínica. Centros elaboradores e centros de almacenamento. |
| TIC APLICADAS A CIENCIAS DA SAÚDE: | |
| 1. Introducción. Conceptos fundamentais en Tecnoloxías da Información e a Comunicación. | Historia Evolutiva da Informática. Prácticas: - Acercamento o Hardware e Software de Base. - Sistema Operativo Microsoft Windows. - Redes de Comunicacións. |
| 2. Redes telemáticas en Ciencias da Saúde. | Teleasistencia e telecuidados en enfermaría. As Tecnoloxías da Información e as Comunicacións en seguemento de doentes crónicos. Prácticas: Discusión de casos de telemenciaña. |
| 3. Bases de datos clínicas. | Bases de datos deseñadas en entornos de Ciencias da Saúde: - Conceptos de bases de datos. - Big Data. Importancia do seu uso en saúde. |
| 4. Sistemas de información sanitarios. | Sistemas de Información en Enfermaría. - HIS. Sistema de Información Hospitalario. Exemplo práctico INSIS. - HCE. Historia Clínica Electrónica. Exemplo práctico IANUS. - Xestión de Censo Hospitalario. Análise da importancia operativa da xestión do censo hospitalario. - Sistemas de Información de Saúde Pública. - Sistemas de xestión de farmacia hospitalaria. - Sistemas de Xestión da trazabilidade doentes e profesionais nun Servizo de urxencias Hospitalarias. |
| 5. Avaliación de sistemas informáticos sanitarios. Estándares en informática clínica. | A importancia da interoperabilidade dos sistemas de información sanitarios: ¿qué e? ¿cómo se consegue? - Estándares de intercambio de datos: HL7, DICOM. - Estándares de intercambio de coñecemento: CIE, LOINC, SNOMED-CT, CIAP-2. ¿Para qué se utilizan? |



| | |
|--|--|
| 6. Seguridade en Sistemas Informáticos e Redes telemáticas en Ciencias da Saúde. Sistemas de cifrado e firma electrónica | <p>Seguridade da Información e Seguridade dos Sistemas de Información.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cifrado. - Autenticación. - Non repudio. - Sistemas de clave pública. - Firma Electrónica. - Medios de seguridade de acceso ós sistemas. |
|--|--|

| Planificación | | | | |
|---------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A10 B19 C3 | 1 | 0 | 1 |
| Sesión maxistral | A10 B9 B11 B13 B17 B19 B21 C2 C3 C6 C7 | 18 | 9 | 27 |
| Prácticas a través de TIC | A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B21 C2 C6 C7 C8 C10 C11 | 10 | 20 | 30 |
| Aprendizaxe colaborativa | A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B13 B17 B19 B21 C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 | 10 | 20 | 30 |
| Solución de problemas | A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B13 B17 B19 B21 C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 | 3 | 18 | 21 |
| Presentación oral | A10 B1 B3 B4 B8 B9 B19 C2 C3 C6 C8 C10 C11 | 3 | 18 | 21 |
| Proba de resposta breve | A10 B2 B8 B13 B19 B21 C2 C3 C6 C8 C10 C11 | 2 | 10 | 12 |
| Atención personalizada | | 8 | 0 | 8 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Utilizarase ao principio do curso para mostrar ao alumno en que consiste a asignatura e como o temario permitiralle adquirir os coñecementos básicos das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións nas Ciencias da Saúde |
| Sesión maxistral | Esta metodoloxía será empregada ao longo do curso para mostrar ao alumnado os conceptos teóricos que se expoñerán na asignatura. |
| Prácticas a través de TIC | Nas prácticas o alumnado poderá traballar coas aplicacións vistas en clase, así ao mesmo tempo que aprende poderá ver as posibilidades que ofrecen no tratamento da información. |
| Aprendizaxe colaborativa | Parte 1: O alumnado realizarán traballos en grupo ou de xeito individual, a lectura crítica dun artigo científico orixinal e unha revisión bibliográfica narrativa, e sobre outros contidos da materia. |
| Solución de problemas | Esta metodoloxía utilizarase ao longo do curso para comprobar que se acadaron as competencias relacionados coa práctica da asignatura: uso de sistemas de historia clínica electrónica, aplicacións telemáticas, técnicas de seguridade en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, etc. |



| | |
|-------------------------|--|
| Presentación oral | Parte 1: O alumnado presentará por vía telemática (TEAMS) e cos medios audiovisuais dispoñibles na mesma os traballos realizados ao longo do cuadrimestre. |
| Proba de resposta breve | Usarase ao final do curso para comprobar que o alumnado comprendeu os coñecementos teóricos explicados ao longo do curso. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Prácticas a través de TIC Solución de problemas | <p>A atención personalizada está enfocada a apoiar ao alumnado na comprensión das diferentes técnicas mediante o apoio nas tutorías e a resolución das dúbidas que surgan nas clases maxistrais.</p> <p>Tamén, prestaráselle axuda ao alumnado nas dúbidas que poidan xurdir na realización das prácticas e durante a aprendizaxe mediante a solución de problemas, para un mellor aproveitamento e comprensión dos sistemas e métodos vistos na clase.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|--|--|---------------|
| Aprendizaxe colaborativa | A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B13 B17 B19 B21 C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 | Parte 1. Os resultados das actividades, sexan grupais ou individuais, tanto as realizadas na aula coma fóra da mesma, serán presentados nos prazos acordados. | 45 |
| Presentación oral | A10 B1 B3 B4 B8 B9 B19 C2 C3 C6 C8 C10 C11 | Parte 1. Os alumnos farán ao menos unha presentación oral cos resultados das actividades realizadas relacionadas cos contidos da materia mediante as tecnoloxías de información e comunicación telemática. | 5 |
| Solución de problemas | A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B13 B17 B19 B21 C2 C3 C6 C7 C8 C10 C11 | Consistirá na realización de exercicios prácticos para comprobar que o alumno conseguiu o grado de manexo das aplicacións esperado. | 20 |
| Proba de resposta breve | A10 B2 B8 B13 B19 B21 C2 C3 C6 C8 C10 C11 | Será unha proba escrita breve para comprobar que o alumno comprendeu os conceptos vistos en clase. | 30 |

Observacións avaliación



Por limitacións da plataforma, o contido deste apartado é orientativo.

No primeiro día de clase cada profesor comentará como se realizará a avaliación da súa parte.

Para aprobar a asignatura en conxunto é preciso aprobar ambas as dúas partes da mesma.

Os criterios de avaliación para a 2ª oportunidade (xullo) e o adianto de oportunidade (decembro) dictaríanse de forma individualizada tendo en conta os resultados parciais da avaliación do alumno ao longo do cuadrimestre. O alumnado con matrícula parcial: Deberá facer a entrega das prácticas a través do correo electrónico, mantendo os prazos de entrega. Para a defensa das prácticas estudarase a situación individual de cada alumno, se ben debe de realizarse, de forma presencial, como moi tarde o día da revisión da proba de resposta breve. As datas da proba de resposta breve serán as datas oficiais. A realización

fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | |
| Bibliografía complementaria | Recursos en internet para o segundo cudrimestre: Biblioteca Virtual en Salud http://bvs.isciii.es/E/index.php Excelencia Clínica http://www.excelenciaclinica.net/ Fistera http://www.fistera.com/ Centro colaborador español del Instituto Joanna Briggs http://es.jbiconnect.org/ Guía Salud http://www.guiasalud.es/home.asp Universidade de A Coruña. Biblioteca http://www.udc.es/biblioteca/galego/index.htm Cochrane Library http://www.cochrane.es Cuiden http://www.index-f.com Cuidatge http://teledoc.urv.es/cuidatge/ Medline http://www.ncbi.nlm.nih.gov/PubMed Scielo España http://www.scielo.isciii.es/scielo.php CINAHL http://www.cinahl.com Enfispo http://alfama.sim.ucm.es/isishtm/enfispo.asp Trip Database http://www.tripdatabase.com/ |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008
Fundamentos de Enfermaría/661G01107

Materias que continúan o temario

Enfermaría Comunitaria I/661G01014

Observacións

Recoméndase ao alumno para un aproveitamento óptimo da materia un seguimento activo das clases, así como participar nas distintas actividades e o uso da atención personalizada para a resolución das dúbidas ou cuestións que lle poidan xurdir. Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías